

MELIDE

Acordo dos partidos para solicitar un novo centro médico P10

COMARCA

A Deputación asigna 1,8 millóns para a estrada a Ribadulla P15

XACOBEO

Piden unha ruta alternativa pola Praza do Convento de Melide P20

ENTREVISTA



Cervisa Sistemas Metálicos

“Ofrecemos a máxima calidade e servizos personalizados” P23

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Nº 59. Novembro 2010. Distribución gratuíta

Exitosa acollida da ruta de tapas de outono da hostelería de Melide



A Ruta das Setas e Castañas de Melide resultou un éxito á vista da boa acollida que tivo entre o público, do que se felicitaron os hostaleiros da localidade. Durante dúas fins de semana, once establecementos da

vila serviron pinchos cuxa base de elaboración eran dous produtos típicos do outono, as setas e as castañas. O público que completou a ruta escolleu como mellor tapa a Brusleta de setas de Casa Quinzán. P3

Medio Ambiente aproba o tramo Arzúa-Palas da A-54



O pasado 4 de novembro o BOE publicou a Declaración de Impacto Ambiental favorable ó tramo da autovía que pasa por terras de Melide P11

A Casa da Cultura recibe 500.000 euros do Estado



O Ministerio de Cultura asignou unha partida de fondos para o edificio, no que se investiron máis de 2,6 millóns de euros dende o comezo das obras. P11

Editorial

Cuestión de dignidade

Probablemente a maioría dos que lean estas liñas saiban das reivindicacións dos gandeiros galegos. Levamos xa varios anos escoitando as súas xustas protestas nas rúas, tanto en Galicia, en Madrid ou en Bruselas.

Na comarca da Terra de Melide, a gandeiría ten un peso moi importante, sobre todo a adicada ó leite. Por iso, a maioría de nós solidarizámonos coas súas peticións. Recordamos, sobre todo, algúns dos momentos máis dramáticos que se viviron na comarca coa difícil situación que atravesou a cooperativa Melisanto, que agrupa a moitos dos gandeiros da zona.

Pasado ano e medio dende aquel momento, as cousas míranse dende outra perspectiva. Pese a todo, o sector afronta o seu futuro con desconfianza.

Dende hai unha tempada lévase falando de estipular mediante unha lei a obrigatoriedade de que as industrias asinen contratos homologados cos seus gandeiros. É o que quere o sector, pero acollen a proposta con optimismo moderado, despois do fracaso do acordo comprometido hai pouco máis dun ano por gandeiros, industria e distribución para fomentar a firma de contratos. Na zona non se asinou nin o primeiro.

O feito de que haxa unha lexislación ofrece máis garantías. É o que lles falta ós gandeiros, que se lle garanta a través dun documento o prezo que lle pagarán por vender o seu produto. É unha



cuestión de dignidade e unha xusta reivindicación que levan esixindo dende hai tempo.

Un traballador de calquera outro sector non aceptaría un traballo no que non soubera de antemán cal vai ser o seu salario mensual. E que cada mes o salario fora variando, aínda que as horas de traballo foran as mesmas. É inconcebible en pleno século XXI.

Agora parece estar cada vez máis preto esa meta, por iso o sector ten que poñer todo o seu empeño en acadar un dos obxectivos polos que leva levantando a voz dende hai moito tempo.

Asetem-Cca estivo e estará sempre do lado dos gandeiros da comarca, porque son eles os

clientes que día tras día entran polas portas dos nosos negocios. Sabemos que os nosos concellos viven da súa actividade. Por iso queremos para eles as mellores condicións, porque o seu beneficio significa o noso beneficio.

E sabemos que a produción dos nosos gandeiros é de calidade, está contrastado. Moitos reciben primas das propias industrias que recoñecen a excelencia do produto. Queremos consumir alimentos de calidade, negámonos a entrar no xogo das grandes industrias e distribuidoras, que buscan respetar os mínimos niveis sanitarios para poñer un produto no mercado que acade éxito entre os consumidores debido o seu baixo prezo.

Tribuna de opinión

Avanzamos

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Nos últimos días tivemos varias noticias que nos fixeron alegrar o día e pensar que se comeza a facer xustiza con esta comarca en materia de infraestruturas viarias.

A finais de outubro coñecemos que a Deputación da Coruña aprobaba o proxecto de ensanchamento e mellora da estrada que une Melide con Ribadulla e Visantoña, aldeas do concello de Santiso e que asignaba un presupuesto de 1,8 millóns de euros. Por fin!, exclamamos moitos. O estado da carretera é lamentable e non é comprensible que esa infraestrutura seguira así en pleno século XXI.

Foron os veciños os que se puxeron á fronte da situación para intentar que os políticos deixaran de xogar, literalmente, con esta obra. Fixo falta unha manifestación multitudinaria para que se avanzara na aprobación do proxecto. Agora xa está aprobado, pero aínda queda poñerse mans á

obra. Despois de tantos retrasos, non o creremos ata que o vexamos.

Moitos atrancos foron os que tivo que superar o tramo da auto-vía Santiago-Lugo ó seu paso por Melide ata que se aprobou o trazado definitivo. Como soe pasar nestas cuestións, houbo que afrontar intereses políticos e particulares para chegar á agardada Declaración de Impacto Ambiental. Moitos non vían claro que a autovía saíse para adiante, pero hoxe está un paso máis preto de chegar a Melide. A estas alturas tamén terán que ser os nosos ollos os que ratifiquen a chegada desta infraestrutura vital para a nosa zona. Xa non serven as promesas.

Sempre vimos necesario que se fixera xustiza con esta comarca que, pese a estar no centro de Galicia, non dispón dunhas comunicacións axeitadas ós tempos no que vivimos.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Tamara Navaza Sa
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 2, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Santiago Prado Conde, Xosé Núñez López,
Asociación de Troiteiros 'Río Furelos'
AGRADECEMENTOS: M^a Pilar López, Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Norpremsa S.A.
DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	10
-COMARCA.....	15
-CULTURA E LECER.....	18
-COLABORACIÓNS.....	21
-AXENDA.....	22
-ENTREVISTA.....	23

Exitosa acollida da ruta de tapas de outono

Setas e castañas, os ingredientes imprescindibles dos pinchos do concurso

Os veciños de Melide foron os máis animados á hora de probar os pinchos

A Ruta das Setas e Castañas de Melide, celebrada durante a última fin de semana de outubro e a primeira de novembro, converteuse nun novo éxito para a hostelería local. Foron moitos os melidenses que se achegaron a degustar as distintas creacións gastronómicas presentadas polos 11 establecementos hostaleiros participantes neste Outono de Tapas.

Os consumidores, a través do seu voto, escolleron como gañadora a 'Brusleta de setas' de Casa Quinzán. Mariano Rivas, responsable do restaurante, amosou a súa satisfacción por ter acadado o premio e valorou moi positivamente a iniciativa.

Variedade de tapas

O evento, que celebrou a proposta de Asetem-Cca, pretendía facer un recoñecemento ós dous produtos máis típicos da tempada do outono na zona, como son as setas e as castañas. Así, puidéronse degustar



A presidenta de Asetem-Cca entrega o título á mellor tapa ó responsable de Casa Quinzán

'Setas á prancha' no bar Xa-neiro, 'Setas con fideos' no Godiva, 'Brusleta de setas' en Casa Quinzán, 'Patacas con salsa de setas e castañas' no Chiquitín, 'Tenreira con setas e crema de castañas' no Sapo Lambón, as 'Setas ó ajillo' da Adega Mandil ou unha mestura de fungos na Fundación. Tamén presentaron os seus pinchos o Bar Principal e O Lar

A variedade de tapas reflexouse no feito de que houbo lugar para os postres, que viñeron da man do 'Queixo con castañas' da Cafetería Stop e da 'Tarta de Castañas' da Pulpería Alongos.

A presidenta de Asetem-Cca, Sonia Valiño, destacou a boa acollida que tivo esta iniciativa entre o propios veciños do concello, que foron os que máis participaron na ruta, e o positivo que resulta para dina-

mizar a actividade na hostelería melidense, sobre todo en épocas baixas no relativo ó turismo.

Valiño recordou que tralo éxito da primeira edición da Ruta das Tapas de Melide, celebrada o pasado mes de xuño, foron varios os establecementos que repetiron no cartel, como tamén outros novos que se animaron a participar.

A coordinadora da ruta, Miryam Giménez, de Compostelae Eventos destacou a colaboración de varios patrocinadores locais, vinculados ó sector alimentario.

Sonia Valiño buscará a colaboración dos hostaleiros da vila para "celebrar ao longo do ano actividades que repercutan tanto en beneficio do público -ó que lle gusta participar neste tipo de experiencias- como da propia hostelería".

Brusleta de setas



A tapa gañadora, a 'Brusleta de setas' de Casa Quinzán, estaba elaborada a partir dunha rebanada de pan torrado, con salsa de setas á que se lle engadía un pequeno filete de solombo de porco e espinacas confitadas, todo elo acompañado dunha salsa de arandos.



María Dolores Fernández Gómez foi a gañadora do premio do público. Esta melidense completou a ruta das tapas nas dúas fins de semana e destacou a calidade e elaboración de tódolos pinchos que presentaron os hostaleiros da vila a este certame. Resultou gañadora dunha estancia dunha fin de semana na casa de turismo rural O Fidalgo, de A Pontenova (Lugo), que aproveitará para coñecer os encantos do leste da provincia lucense.



A FGC sorteará 3.000 euros en vales para os consumidores dos comercios melidenses

A campaña celebrarase do 16 ao 27 de novembro

A Federación Galega de Comercio (FGC) sorteará 3.000 euros entre os consumidores do comercio local no marco da campaña 'As compras na túa vila teñen premio'. O obxectivo da campaña é dinamizar o consumo no comercio polo miúdo das vilas galegas.

A promoción comezará o 16 de novembro e rematará cun acto final, o 27 de novembro, no que se celebrará o sorteo dos vales de compra. Repartiránse 24 tarxetas por valor de 100 euros e outras dúas por valor de 300, destinadas a compras nos establecementos comerciais tradicionais.

Participación

Os consumidores que desexen participar no sorteo terán que presentar nunha carpa estará instalada no Cantón de San Roque, os tickets das compras realizadas nos establecementos da vila. Recibirán un boleto cun número para participar no sorteo final.

Só serán válidos para participar no sorteo os tickets das compras realizadas entre as 10.00 horas do día de inicio da campaña e as 18.30 horas do último día.

Os establecementos comerciais xa foron informados por parte de Asetem-Cca da celebración da campaña, non obstante, tamén serán



Os consumidores deberán canxear os seus tickets por boletos

informados por persoal da FGC, que lles proporcionará a cartelería e material necesarios para que publiciten a campaña.

Sorteo final

Os números agraciados coas tarxetas prepago daranse a coñecer o día 27 de novembro, nun acto que se celebrará na Praza do Convento e no que tamén se levarán a cabo diversas actividades lúdicas e de entretemento, especialmente dirixidas ao público infantil, tal e como adiantaron dende a organización.

É imprescindible a asistencia daquelas persoas que conseguiran boletos para participar, pois se non aparecen os agraciados no mesmo momento do sorteo, o premio quedará deserto. Segundo as

bases da campaña, extraeránse un máximo de seis boletos para atopar o gañador de cada un dos vales.

Colaboración con Asetem

Asetem-Cca mantén contacto permanente coa FGC no relativo á organización desta campaña. Persoal da empresa organizadora trasladouse á vila para concretar a colocación das carpas -para o que xa se recibiu a autorización do Concello- e o desenvolvemento da campaña.

A patronal melidense trasladou a súa total colaboración á FGC para a realización de actividades destinadas a fomentar o consumo no comercio retalista da vila.

Asetem-Cca está integrada na FGC dende mediados dos anos 90.

Asetem valora o encontro mantido coa alcaldesa

Os directivos trasladaron peticións para o comercio e empresa locais



Momento da reunión entre a alcaldesa e Asetem-Cca

A Xunta Directiva de Asetem-Cca valorou positivamente o encontro mantido o pasado 22 de outubro coa alcaldesa melidense, Socorro Cea, e o concelleiro de Promoción Económica, Antonio Díaz.

Dende a directiva da patronal melidense destacaron a "colaboración total" que por parte do Concello se amosou a maioría das reclamacións que lle trasladaron.

A patronal melidense reclamou a dotación de máis contenedores de papel e cartón nas zonas comerciais da localidade, algo que segundo avanzaron os representantes municipais xa están estudando esta actuación.

Ademais, os empresarios e comerciantes melidenses instaron ó goberno a habilitar unha área de servizo para caravanas e autocaravanas debido á gran cantidade deste tipo de vehículos que transitan pola vila, sobre todo nos meses de verán. O feito de que non haxa un espazo habilitado

especificamente para este tipo de vehículos fai pensar ós directivos que Melide está a perder potenciais visitantes. En relación a este asunto, Cea confirmou que o Concello traballa na busca dun terreo apropiado para este cometido dende hai tempo.

O Concello tamén confirmou a súa colaboración na campaña de Nadal que desenvolverá Asetem-Cca a partir do próximo 1 de decembro.

Festas de San Roque

Ante as críticas escoitadas a pé de rúa tralo San Roque, e que os directivos da patronal melidense trasladaron á alcaldesa, Cea dixo estar satisfeita polo programa de festas deste ano e avanzou que convocará ós gremios implicados no desenvolvemento dos festexos para unha reunión. En relación con esto, dende Asetem propúxose que se formara unha comisión na que estivera incluído un membro de cada gremio profesional da vila.

carpintería
A. LAYA
Rúa Palas de Rei, 8-15800 Melide
Tfnos: 981 505 283 - 670 662 947

M&M
MODA

Ronda de A Coruña, 58
15800 MELIDE (A Coruña)
Tfno.: 981 94 24 15

Camisas
Sandro Marini
Géneros de Punto
Altex
Jeans
New Caro
Moda Joven
Doux Moda

AHORA
GRAN APERTURA
CARRETERA LALÍN - AGOLADA
AVENIDA DE LALÍN, s/n
Melide

MÁS
ofertas

MÁS
ventajas,

MEJORES
precios

MÁS
ahorro



GADIS

En Confianza

Asetem confecciona un escaparate virtual para o comercio

Os establecementos poderán colgar as súas propias ofertas na páxina



Exemplo de escaparate virtual

Unha fiestra aberta ao mundo para amosar en tempo case real as ofertas dos comercios melidenses. Esta é a filosofía do novidoso proxecto no que traballa Asetem-Cca para dotar dunha maior competitividade ó comercio melidense.

Trátase dun escaparate virtual, unha fiestra en Internet no que cada comerciante poder exhibir distintas ofertas en produtos e servizos.

A empresa RuralTec -asociada a Asetem-Cca- traballa na configuración desta páxina web, á que se poderá acceder a través da dirección www.mercamelidevirtual.com/.es. Tamén contará cun enlace no portal web da propia asociación, www.asetem.com.

Sinxelo e funcional

O escaparate virtual busca ser

unha ferramenta sinxela e funcional para que os comerciantes a poidan utilizar dende o seu propio negocio e así colocar na rede as ofertas coas que conte puntualmente no seu negocio.

Para os visitantes será moi atractivo ó amosar fotografías de cada establecemento e situar nun lugar preferente os seus datos de contacto.

Gratuito

A participación nesta novidoso iniciativa é gratuita, ó atoparse nos primeiros momentos de funcionamento. A patronal xa remitiu unha carta informativa a tódolos comerciantes asociados informándoos da posta en marcha desta ferramenta. Aqueles que desexen recibir máis información deben contactar con Asetem-Cca.

Charla informativa sobre nova normativa de Tráfico

Celebrarase o 3 de decembro nos locais de Asetem-Cca

A patronal melidense programou unha charla informativa sobre as últimas novidades na normativa de Tráfico e os requisitos necesarios para os transportistas. A sesión celebrase o próximo 3 de decembro -venres- ás 20.30 no salón de actos de Asetem-Cca. A sesión será impartida polo director da Autoescola Agra, Ignacio García.

Esta charla está aberta a tódolos públicos -ata completar aforo- debido ao interese xeral dos temas a tratar.

A sesión estará dividida en dúas partes. Unha centrada na nova normativa de transporte, tanto de mercadorías como de persoas, que esixe a obtención do Certificado de Aptitude Profesional (CAP) dos transportistas. García advirte de que se trata dun asunto complicado sobre o que hai que aportar cumprida información, xa que este título non é obrigatorio para tódalas persoas, depende da última cifra do número de DNI de cada un. Esta norma entrará en vigor antes do 10 de setembro de 2011 para os transportistas de viaxeiros e un ano máis tarde no caso do transporte de mercadorías.

A outra parte da charla estará dirixida ós condutores en xeral e versará sobre a nova le-

xislación do carnet por puntos, así como os procedementos para a recuperación dos puntos perdidos e a periodicidade dos permisos de conducir.

Dende a Autoescola Agra destacan que proporcionarán unha información sinxela, clara e actualizada, que sexa de utilidade a tódolos condutores.

Aforro enerxético

Por outra banda, a patronal melidense xestiona a celebración dunha xornada informativa sobre aforro enerxético no marco dunha campaña de difusión que realiza o Instituto Galego de Consumo (IGC).

A entidade, dependente da Dirección Xeral de Comercio, alertou de que numerosos consumidores están pagando un sobreprezo na factura enerxética debido a que non teñen a súa tarifa adaptada ó seu consumo real. Deste xeito, os clientes con potencia contratada inferior ós 3 kw, que acrediten a condición de pensionistas, familias numerosas ou desempregados poderán facer beneficiarse do bono social que ofrecen as empresas suministradoras.

A patronal perfila a campaña de Nadal

A Comisión de Comercio da Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) leva varias semanas ultimando tódolos detalles para a Campaña de Nadal que cada decembro acostuma poñer en marcha a patronal melidense.

Deste xeito, os responsables de Comercio determinaron o sistema de participación e a cuantía dos premios que se repartirán.

O formato da promoción será igual ó da pasada edición, consistente no reparto de boletos entre os clientes do comercio asociado e un sorteo final, no que se revelarán os números gañadores. Tamén se manterá a promoción a través da radio. Asetem-Cca enviará unha carta ós socios para informalos de tódolos detalles.

Se o Nadal de 2009 é recordado por terse celebrado a primeira campaña conxunta entre as dúas asociacións que había na vila, o de 2010 serao pola primeira campaña despois da unión dos dous colectivos.



Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu



Tenda degustación de queixo e produtos artesanais de calidade
Novas instalacións en Rúa San Pedro, 16 Melide

Tenda Tlf/fax: 981505723
Queixería Tlf/fax: 981100252
Balada - Visantón 15809 Santiso
xebre@telefonica.net

LA CORTINA
Esther Bouzo

Tfno.: 981 505 339
Avda. do Lago, 40 - 15800 MELIDE (A Coruña)

MODAS
Landolo
HOMBRE - MUJER
Mercedes Abad Lago

Tfnos.: 981 50 63 /0 - 610 /5 /8 84
Rúa do Convento y Avda. de A Coruña - 15800 MELIDE

ares
FERRETERÍA - SANITARIOS - MENAJE

Ronda da Coruña, 33
Tél.: 981 50 60 63
Fax: 981 50 72 57
P.I. Madanela
Tél.: 981 50 77 18
MELIDE



Calzados BROZ
Home, muller e nenos

Tfno.: 981 50 51 60
Camiño de Ovedo, 13 • 15800 MELIDE (A Coruña)

Merca en Melide
Merca mellor



MARVI
MERCERÍA

María Sánchez Quintás

Tfno.: 981 50 71 94
Rúa do Convento, 16
15800 MELIDE (A Coruña)

NOVIAS MADRINA
Silvia Novias
COMPLEMENTOS

Ronda de Pontevedra, 48 Bajo
15800 Melide (A Coruña)
Tfno./Fax: 981 50 71 74
e-mail: silvia_novias@yahoo.es

COMUNION ZAPATOS
Fiesta Armas

MELIMATICA
A TUJA TIENDA DE INFORMÁTICA

Asistencia técnica e impresión, e Partidos de
Venta e Reparatión, Servizo Técnico Propio
Servizo Técnico a Domicilio
Imaxe e sonido, Telefonía
Montaxe de Redes
Recuperación de datos
Cursos Informáticos

C/ Otero Rodado 6 Bajo
Melide 15800
(A CORUÑA)
Tfno./Fax: 98150/881
melimatica@gmail.com
info@melimatica.com
www.melimatica.com

Manuel MODA

Teléfono: 981 50 73 77
Ronda da Coruña, 68 - 15800 MELIDE (A Coruña)

ADOLFO DOMINGUEZ FLORENTINO
Pulligan GENFINS

Jilvelga
JOYERÍA - RELOJERÍA
Y
ARTÍCULOS DE REGALO

Tfno.: 981 50 98 97
Ronda da Coruña, 93 • 15800 MELIDE (A Coruña)

h
"ache"
Moda Infantil
e Xuvenil

Tfno.: 981 50 52 27 • San Pedro, 21 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Casa das Luces
COI
Rúa Alexandre Bóveda, 11
Melide Telf. 981 505 111

Moda Infantil
Comunión
Todo para o bebé
Bebés, Cadeiras, Sillas, Autos
Sistemas de seguridade

MELIDESCANSO

• COLCHÓNS
• SOFÁS
• ALFOMBRAS
• ROUPA DE CAMA

Rúa Galicia, 18 - Melide Tfno: 981507126



DIRECTORIO DE EMPRESA E COMERCIO

ASESORÍAS

CC Xestión
Florentino Cuevillas, 2
881973307
Seguros Bilbao
Rda. de Pontevedra, 113
678055942

BANCA

Banesto
Rda. da Coruña, 16
981507978
Caixanova
Alexandre Bóveda, 7
981507300

CANTEIRAS

Canteras Rechinol
Arenal, 64 entrp. Izq,
Lalín
981505504
Canteras Prebetong
Brasil, 56, Vigo
981505576

CARPINTERÍA

Blangar
Ctra. Lugo km 46,
Melide
981505418
Carpintería
José Vilela
Lg. de Piñor, 14
667435808
Carpintería Laya
Rua Palas de Rei, 8
981505283
Eypar, S.A.
Madanela
981507203
Maderas
Ovidio Leiva
Belmil, Santiso
608587447

COMERCIO

Aceiteiro
Rda. da Coruña, 34
981505013
Andón Zapatería
Galicia, 26
981507896
Área de Servicio
O Rañao
O Rañao s/n, Melide
981506473
Autorecambios
Ángel
Avda. de Lugo, 4
981505251
Bambi
Rosaleda, 5
981507536
Bensar
Novoa Santos, 10
981506165
Bodejas Mejuto
Rda. de Pontevedra, 74
981505004
Calitex
Galicia, 4
981505104
Carnicería Mella
Progreso, 16
981507556
Carnicería Penas
Avda. de Lugo, 35
981505916

Casa Alongos
Avda. de Lugo, 22
981506392
Casa das Luces
Alexandre Bóveda, 11
981505111
Casa Juanito
Mateo S. Bugueiro, 39
981505103
Casa Santos
Avda. de Lugo, 8
981505396
Centro Comercial
Ares
Rda. da Coruña, 27
981505053
Cociñas M. Buján
Avda. de Lugo, 99
981507421
Comercial Pampín
Cantón de S. Roque, 4
981506142
Confecciones
Cardigan
Convento, 20
981505110
Cristalería González
Agüeiros, 44
981507016
Cubiertas
Hermanos Blanco
Pol. Ind. A Raña, rúa 7.
O Barco
988335294
Decoré
Rúa do Convento, 1
661779193
Deportes López
Avda da Habana, 5
981505425
Distribuciones
Mella
Xoán XXIII
981506068
Distribuciones
Pascual
Avda. Lalín, 24
981506150
El Estanco
Progreso, 9
981506096
Electricidade Vilela
Avda de América, 34
981505900
Electrotel 2000
Florentino Cuevillas, 18
981507171
Escayolas Sito
Rda. Pontevedra, 75
981505951
Espomasa
Ctra. Melide-Toques,
km 8, Toques
981505971
Establecimientos
El Mueble
Rda. Pontevedra, 2
981505089
Estación de Servicio
Corredoiras
Corredoiras, 14,
Boimorto
981516004
Eurocadena
Cantón de S. Roque, 9
670292917
Expert-Melide
Rda. da Coruña, 32
981507855
Floristería Chelo
Alhóndiga, s/n
981505876

Floristería Maru
Convento, 9
981507580
Floristería Tarrío
Amador Rguez, 7
981506164
Froitas León
Progreso, 24
619469453
Frutas Gallego e
Hijos
Laberco, s/n, Arzúa
981500429
Frutas Nati
Pol. Ind. A Madanela
600448092
Fuciños Rivas
Rda. da Coruña
981505047
Hijos de Casal
Mariño
E. Álvarez Carballido, 1
981505310
Imaxina
Florentino Cuevillas, 4
881957087
Imprenta Meligraf
Rúa Galicia, 26
981506256
Inpugal
Rda. de Pontevedra, 107
981507647
Iris Melide
Emilia Pardo Bazán, 11
981507806
Jim Sports
Technology
Madanela S/N
981506434
José Xaneiro
Avda. Toques, 57
981505335
Joyería Oro Ley
Rúa de San Pedro, 14
981505468
Joyería Silvela
Rda. da Coruña,40
981505997
Lácteos Terra de
Melide
Orois, Melide
981808009
Larpeiradas
Praza do Instituto,4-3º
981505688
Leiva Motosport
Rda. da Coruña, 52
981507334
Librería Cousas
Avda. da Habana, 29
981505775
Librería Victorio
Taboada Roca, 1
981505055
M&M Moda
Rda. da Coruña, 58
981942415
Marvi
Rúa do Convento, 16
981507194
Melimática
Rosaleda, 6
981507881
Mobles Ares
Rda. da Coruña,62
981505564
Modas El Dándolo
Convento, 15
981506370
Motor Melide
Pol. Ind. A Madanela
981507031

Muebles Paula
Crta. Lugo, km 46,
Melide
981505734
Multiprecio Cousas
Novoa Santos, 25
981507474
Muxica Tenda
Xoven
Rúa do Convento, 36
981506366
Novavisión Óptica
Arca
Avda. de Santiago, 42,
Arca do Pino
649836742
O Carrizo
Avda. de Lugo, 83
615360089
Óptica Abal
Rda. da Coruña, 20
981506097
Ortopedia Ortosaúde
Rda. Pontevedra, 16
981507874
Panadería Tahona
Avda. da Habana, 7
981505127
Panadería e
Pastelería Toques
Avda. de Lugo, 31
981505181
Per lei
Rúa de San Pedro, 10
981507437
Perfumería Lyss
Rda. da Coruña, 44
981507684
Pescados Abel
Ovedo, 16
609823079
Pescados e
Mariscos Manolo
Rosaleda, 10
629812029
Pinturas Mejuto
Vimianzo, Santiso
981193494
Q me compro
Alexandre Bóveda, 16
981505149
Ramón Cabado
Avda. Toques, 30
981505137
Ramón Pampín
Bango
Rda. de Pontevedra,105
981507526
Ribeirao
Convento, 12
981505018
Sanoguera
Fotografía
Rda. de Pontevedra,45
981507360
Silvia Novias
Rda. de Pontevedra,48
981507174
Cooperativa
Melisanto
Agüeiros s/n, Melide
981506026
Suministros
Industriales Cire
Pol. Ind . A Madanela,
parc. 22
981507954
Súper Vilasoa
Xesús Bal Gay, 6
627240011
Supermercados
García
Rda. da Coruña, 14
981815400

Supermercados
Gómez
Amador Rodríguez, 3
981507027
Xebre
Rúa de San Pedro, 16
981505723
Xoiería Roval
Alexandre Bóveda,12
981505431
Zapatería Tanuska
Cantón de S. Roque,14
981505793

CONSTRU-
CIÓN

Barreiro Lodeiro, J.
Baltar, Melide
981515386
C.S.A.
Convento, 15-1º Izq.
981507374
Calefacciones Rois
Alcalde Jesús Fuciños
Buján, baixo
981804404
Cervisa Sistemas
Metálicos
Pol. Ind. A Madanela,
981507176
Const. M. Espiño
Concepción Arenal, 5
981507729
Const. Leonardo
Miguélez
Santa María, Melide
981505273
Const. Martínez
Cordido
Dr. Fleming, 1
981506051
Const. Orois
Codeseira, Melide
981507374
Const. Pambre
Fdez. Castro, 8
981505859
Const. Pichel Hnos
Avda. Estación, 2, Lalín
986780759
Costoya Varela, J.
Rda.Pontevedra,51 1º Iz.
981507089
Escayolas
Jesús Fociños
Avda. Montserrat, 40
Esc. 3 piso L2, A Coruña
981170550
Excavaciones
Paradela
Ribeiro,s/n
Os Ánxeles, Melide
981505592
Hormigones Carral
Sta. María de Veira,
As Travesas, Carral
981505025
Hormigones Myhnor
Pol. Ind. A Madanela,
Parcela 30
981173616
Marmolería
La Viña
C/ Lugo s/n, Arzúa
981500451
Marmolería Melide
Gosenxe, Ribadulla,
Santiso
981505518
Penas y Mosteiro
Avda. Toques y Friol
981504782

Química Industrial
Proquintas
Pol. Ind. A Madanela
981505300
Revestimientos
Rifer
Avda. de Lalín, 26
981507116

HOSTELERÍA

Bodegas Curros
Rda. de Pontevedra,18
981505968
Bodegón Celta
Agüeiros, Melide
981505505
Café Chaplin
Cantón de S. Roque,17
981505355
Cafetería Cire
Principal, 11
678676784
Cafetería Ivory
Cantón de S. Roque, 1
981507901
Cafetería Marta
Cantón de S. Roque, 13
981505346
Cafetería MJ
Alexandre Bóveda, 17
981507853
Cafetería Ruada
Rda. de Pontevedra,95
981507537
Cafetería Trinidad
Antón Fraguas, 3
Espectáculos
Ángel Seoane
Avda. da Habana, 15
981505328
Hotel Carlos 96
Avda. de Lugo, 119
981507633
O sapo Lambón
Avda. de Toques, 35
981505023
Parillada O Carburo
Villamor, Toques
981504907
Parrillada Rúa
Avda. de Lugo, 50
981506076
Pazo de Eidián
Eidián, 5 Agolada
986682545
Pizzería Xoldra
Avda. de Lugo, 25
981507906
Pulpería Alongos
Avda. de Lugo, 22
981507510
Pulpería Ezequiel
Cantón de S. Roque,46
981505291

ENXEÑERÍA
TÉCNICA
AGRÍCOLA

Javier López López
Rúa Xosé Ramón Fdez.
Castro, 6
981505482

MEDIOS DE
COMUNICA-
CIÓN

Dez TV
C/B, 27, Lalín
986787036

SERVIZOS

Aprende Academia
Rda. de Pontevedra,10
981815432
Fisio- Vida
Florentino Cuevillas,16
981507047
Inmobiliaria
Villamor
Cantón de S. Roque, 8
981815330
Mª Jesús Iglesias
Sánchez
Rda. Coruña, 29-1ºD
981507608
OID
Rda. Pontevedra, 53
981505156
Rural Tec
Martagona esquina Bos
Aires
981507245
Skala Peluqueros
Almirante Brown, 19-21
981505903
Tecnamelide
A Madanela, parc. 80
981506388
Tecturis
Avda A Coruña, 39
2º C, Lugo
982242563
Toño Peluqueros
Rda. Pontevedra, 59
981506181
Veterinaria Mónica
Blanco
Mateo S. Bugeiro,11
629507958
Xiganet
Rúa Progreso, 36
615929647

SOCIO COLA-
BORADOR

Mª Carmen
Carreira Simón
Rda. da Coruña, 50 1º
981505280

TALLERES

Talleres Bertocar
Furelos, Melide
981505612
Talleres Leiva
Madanela, Melide
981505211
Talleres Mejuto
Sta. María, Melide
981505999

TRANSPORTES

Cabado Rguez, J.R.
Pezobrés s/n, Santiso
981517789
Gasogal S.L.
Emilio Campoamor, 2
981506029
Transportes Sierra
Pol. Ind. Madanela,
parcela 79
981515818



...a peza que precisa a súa empresa

**laboral
contable
fiscal
sucesións
tráfico
seguros**

Solicite presupuesto sen compromiso!!

R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo
15800 MELIDE A Coruña
Tf: 881 973307 Fax: 881 975314
info@ccxestion.com
www.ccxestion.com

Axudas e subvencións

1. Plan de Vehículos Eficientes e selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, convocatoria 2010. (DOG nº 193, do 6 de Outubro de 2010)
Actuacións subvencionables:

A) Adquisición de Vehículos novos M1 (Viaxeiros ata 8 prazas) ou N1 (Mercadorías con MMA < 3.500kg) ou motocicletas dos tipos seguintes: Turismos híbridos, híbridos enchufables, eléctricos puros (incluídos cuadríciclos L7), decombustión de hidróxeno, gas natural ou gases licuados do petróleo; motocicletas eléctricas. Con limitación de emisión de CO₂/km.

B) Transformación GLP de Vehículos M1 ou N1, con emisión de < 150g CO₂/km.

Beneficiarios: Persoas físicas/xurídicas que tramiten a solicitude a través de entidades (concesionarios ou talleres) adheridas ó plan.

Contías máximas: Entre 450 e 7.000 €/vehículo.

Prazo: Ata o 31 de Agosto de 2011.

2. Subvencións a empresas galegas do sector téxtil-moda-confección para a realización de actuacións e estratexias de promoción e internacionalización, convocatoria para 2010. (DOG nº 194, do 7 de Outubro de 2010)

Beneficiarios: empresas privadas galegas, persoas físicas ou xurídicas, de carácter industrial do sector téxtil-moda-confección.

Liñas de Axuda:

a) Actuacións de difusión:

- Campañas ou inserción en medios de comunicación realizadas fora de Galicia.

- Elaboración de catálogos, folletos e similares que contribúan á divulgación e coñecemento da empresa e os seus produtos fóra de Galicia.

b) Actuacións de promoción:

- Participación en feiras, desfiles, certames e outros eventos expositivos sectoriais fóra de Galicia.

- Corners (ubicados en superficies comerciais de máis de 2.500m² de superficie útil de exposición e venda) e show-rooms situados nos mercados internacionais.

c) Actuacións de acceso a mercados:

- Estratexia de penetración en mercados externos a Galicia a través de expansión dunha marca, como vía de acceso, comunicación e fidelización ou materialización de acordos con

terceiros.

- Estratexia de penetración en mercados internacionais a través de licenzas de marca, orientadas ao acceso a os mercados internacionais e a materialización de acordos con terceiros.

Contía: Ata o 50% do investimento

Prazo: Ata o 7 de Novembro de 2010

3. Axudas do IGAPE para a compra de mobles de madeira para o fogar e colchóns (PLAN REMÓBLATE GALICIA) (DOG nº 211, do 3 de Novembro de 2010)

Beneficiarios.- Persoas físicas, maiores de 18 anos que adquiren os mobles para o fogar ou colchóns, por un importe mínimo de 600€ (excluíndo impostos), nunha entidade colaboradora do plan (establecemento de venda) e fabricados por unha empresa de fabricación adherida.

Entidades colaboradoras.- Establecementos de venda de mobiliario de madeira para o fogar ou colchóns, que sexan PEME con personalidade xurídica propia ou autónomos, con centro en Galicia e con alta censal nalgún destes epígrafes do IAE: 6531 ou 6539.

Contía das axudas: 15% en total.

a) Axuda do IGAPE: 7% do custe dos bens (impostos excluídos), máximo acumulado 280 € por persoa física.

b) Desconto conxunto do establecemento de venda e do fabricante adherido: 8% sobre o custo dos bens (impostos excluídos).

Prazo: Dende o 10 de Novembro ao 15 de Decembro de 2010.

4. Subvencións a fondo perdido para a rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural e conxuntos históricos de Galicia (DOG nº 196, do 11 de Outubro de 2010)

Requisitos:

- Estar en posesión de resolución de conformidade coas actuacións propostas para a obtención da cédula de rehabilitación de calidade.

- Os ingresos familiares non poderán exceder de 3.5 veces IPREM, no caso de solicitude de subvencións para vivendas situadas en ámbito rural.

Contías máximas: 50% do orzamento, máximo 6.600 euros (rehabilitación) ou 8.600 € (renovación)

Prazo: Ata o 11 de Novembro de 2010

Aprende Academia ofrece descontos en cursos para os asociados de Asetem

A Academia Aprende de Melide ofrece descontos de ata o 30% en cursos de informática para os socios da Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca).

As ofertas céntranse en formación referente a mecánica por ordenador, iniciación á informática e informática a nivel usuario.

Os cursos terán unha duración de entre 10 e 20 horas, segundo o tipo de formación. Os descontos oscilarán entre o

10% e o 30% do precio total do curso.

A atención será completamente personalizada ó estar organizada a formación mediante grupos reducidos, de sete persoas como máximo.

A Academia Aprende, asociada a Asetem-Cca, está especializada en impartir formación no campo da ofimática, sobre todo das ferramentas máis coñecidas, como Windows, Word, Excel, Acces, Powerpoint ou Internet.

**ASETEM-CCA agasalla
ós seus socios unha
memoria USB gratis**

Infórmate no 981506188

Reseña fiscal e laboral

A Dirección General de Ordenación da Seguridade Social (DGOSS), no Informe de data 20-10-2010, emitido como consecuencia de las consultas formuladas pola Tesorería Xeral da Seguridade Social, respecto de certas cuestións sobre a **prestación de Cese da Actividade dos Traballadores por conta propia ou Autónomos**, podemos resumir:

1) A prestación será obrigatoria para todos os autónomos, que teñan cubertas as Continxencias Profesionais (Accidente de Trabajo).

2) Os efectos da prestación por Cese, son a partir do 1 de novembro de 2010, para aqueles autónomos que na entrada en vigor da Ley (6-11-2010), xa tiñan cubertas as Continxencias Profesionais. Estes comezarán a pagar a cota por Cese no mes de novembro e por todo o mes completo. Para a base mínima de cotización, suporá un incremento na cotización de 14,31 €.

3) Para os Autónomos que, na entrada en vigor da Ley (6-11-2010), non tiñan cubertas as Continxencias Profesionais e queiran suscribir a prestación por Cese, os efectos serán a partir do día 1 do mes seguinte en que formalicen a solicitude, tendo en conta o prazo extraordinario establecido dende o 7-11-2010 ó 06-02-2011.

4) Solicitar a cobertura das Continxencias Profesionais, implica solicitar a cobertura por Cese, de maneira que existindo a primeira, non é preciso formalizar a segunda.

5) Poderase renunciar a ambas prestacións, dentro do prazo común existente, é dicir, antes do 1 de outubro do 2011, surtindo efectos dende o 1 de xaneiro do 2012.

Acordo dos tres partidos para reclamar á Xunta a construción dun novo centro médico na vila

O Concello agarda noticias dende hai seis meses



Momento da visita do xerente de Atención Primaria a Melide

Acordo por unanimidade. Os tres partidos políticos con representación na corporación de Melide -BNG, PSOE e PP- asinaron un acordo para trasladar á Consellería de Sanidade a “urxente necesidade da construción dun centro médico en Melide”.

Os tres grupos solicitan “de xeito inmediato a redacción e aprobación” do proxecto para a construción do novo edificio -que foi comprometido polo xerente de Atención Primaria o pasado mes de abril- “debido aos graves problemas que padecen tanto o persoal do centro como os usuarios do mesmo”. Segundo relataron dende o Concello, as actuais instalacións son “moi pequenas” e precisan “urxentes melloras”.

No documento ratificado polos tres grupos tamén se urxe á Xunta a que “nas próximas semanas” aporte información “oficial” sobre os prazos estimados para a construción do novo ambulatorio, ademais de que soliciten ó Concello o inicio dos trámites para a cesión dos terreos municipais -ubicados na parte traseira do actual centro médico- para a nova construción.

Dende o consistorio amosáronse preocupados despois da publicación por parte da Xunta da próxima construción de 19 ambulatorios, entre os que non figura o de Melide.

Antecedentes

O goberno melidense mantén conversas coa Xunta para acadar a mellora do centro mé-

dico dende hai case tres anos. Foi en novembro de 2007 cando a alcaldesa mantivo unha reunión coa anterior conselleira de Sanidade para solicitar a mellora do edificio.

No 2008, a anterior xerente de Atención Primaria e técnicos da consellería visitan Melide para estudar o proxecto de ampliación. Co cambio de goberno autonómico, o actual responsable de Atención Primaria, José Javier Ventosa Rial, confirma que se descarta o proxecto de ampliación do centro elaborado polo bipartito por “non ser funcional, tal e como estaba presentado”. É en abril de 2010, trala visita ó ambulatorio, cando Ventosa Rial confirma que se “estudiará a construción dun novo centro médico”.

O PP denuncia débedas do Concello na factura da luz

Vázquez asegura que os impagos ascenden a 300.000 euros

O PP de Melide denunciou que o Concello adebeda uns 300.000 euros ás empresas suministradoras de electricidade. Mediante un comunicado, a voceira do PP local, Ánxeles Vázquez, amosou a súa preocupación por esta situación e asegurou que “algunhas son débedas con pequenas empresas de Melide que prestan os seus servizos ó Concello e que alcanzan os 56.000 euros, provocándolle graves situacións de insolvencia”.

Os populares calificaron esta situación de “inadmisíbel” ó ter solicitado o actual grupo de goberno préstamos por valor de 2,5 millóns de euros.

Deste xeito, o PP pedirá unha Xuntanza de Voceiros para instar a que a alcaldesa melidense, Socorro Cea, aporte datos sobre o importe total das facturas que están pendentes de pago.


Aseguran que Cea “se negou a responder a esta pregunta nos dous últimos plenos ordinarios”.

Retiran novos verquidos das beiras do río Furelos



A Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’ de Melide denunciou a comezos de outubro a aparición de novos verquidos á beira do cauce do Furelos, preto da ponte de Vimianzo. Os refugallo de obra, entre os que tamén había restos de produtos químicos, unha bicicleta estática e ata documen-

tos da Xunta, sumábanse a outros que foran depositados hai máis dun ano preto dese lugar. A denuncia dos troiteiros ante o Seprona e o Concello surtiu efecto, xa que dous días despois do aviso, axentes da Garda Civil actuaron para retirar tódolos refugallo depositados á beira do Furelos.



Javier López López - Perito Agrícola

Servicios de la Oficina:
MEDICIÓN DE TERRENOS
DESLINDES Y AMOJONAMIENTOS
INFORMES PERICIALES
PROYECTOS AGRÍCOLAS
PARTICIÓN DE HERENCIAS (partixas)
VALORACIONES - CATASTRO
CONCENTRACIÓN PARCELARIA
CONCESIÓN DE AGUAS (pozos, traídas vecinales, etc).

Tfno. y Fax: 981 50 54 82 - Tfno. móvil: 639 82 00 24 - Correo electrónico: ingtec@teleline.es
Rúa Xosé Ramón Fdez. Castro, 6 - 15.800 MELIDE [A Coruña]



**Asociación de
Empresarios
Terra de Melide
Centro Comercial
Aberto**

Aprobada a declaración de impacto ambiental da A-54

O tramo Arzúa-Palas quedará limitado a 100 qm/h

O Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino (MARM) dou luz verde ó trazado da autovía A-54 (Santiago-Lugo) correspondente ó tramo Arzúa-Palas de Rei, que transcorre por territorio melidense.

O pasado 4 de novembro, o Boletín Oficial do Estado publicaba un anuncio do MARM no que daba por aprobada a Declaración de Impacto Ambiental correspondente ó tramo da autovía que pasa polo Concello de Melide.

Tal e como estaba previsto, foi a alternativa 4 a escollida para este tramo, coas correspondentes modificacións establecidas para preservar o Lugar de Interese Comunitario (Lic) Serra do Careón. Hai dous meses a Xunta aprobaba -en consenso co Ministerio de Fomento e o MARM- unha

serie de modificacións do trazado, entre as que se atopan o distanciamento duns 150 metros cara ó norte do traxecto da calzada e a construción de tres viadutos para salvagardar a fauna e flora do espazo protexido.

Condicións

No informe da declaración ambiental, o ministerio pon unhas condicións ó proxecto, entre as que sobresa a limitación da velocidade a 100 quilómetros por hora para todo o tramo, uns 28 quilómetros. Ademais, reclama que se “adopten todas las medidas necesarias para evitar la contaminación de las aguas durante las fases de ejecución y de explotación”. Propoñen que “un equipo especializado realizará una inspección visual de toda la superficie afectada

para asegurar la adecuada protección de la fauna amenazada, previamente al comienzo de las obras”.

Quedará prohibida a instalación de áreas de servizo, gasolineiras ou calquera instalación similar no ámbito do Lic, segundo especifica o ministerio no informe publicado no BOE.

Fondos

Despois de que o PP melidense denunciase recentemente a falta de fondos para a construción deste tramo, dende o Ministerio de Fomento confirmaron que “si que hay financiación para desenvolver el proyecto”.

O tramo entre Arzúa e Palas de Rei e o único dos sete en que se divide a A-54 que non se adxudicou, todos os demais xa están en obras.

A Casa da Cultura recibe 500.000 euros do Goberno central

Lévanse investido máis de 2,6 millóns dende que comezou a obra

A Casa da Cultura de Melide recibirá unha inxección de 500.000 euros dos Presupostos Generales del Estado, unha cantidade que permitirá abrir as instalacións ao público no 2011, segundo confirmaron dende o Concello de Melide.

Estes fondos, aportados polo Ministerio de Cultura, irán destinados ao acondicionamento da planta alta do edificio e ó remate dos distintos sistemas de instalacións. Tamén se procederá á dotación dos sistemas de seguridade, megafonía e telecomunicacións, ademais de acondicionar a zona do vestíbulo, as gradas e os aseos da planta alta e colocaranse as butacas desta zona.

No referente á normativa de accesibilidade, instalárase un ascensor e os aseos adaptados

para persoas con dificultades de mobilidade.

A alcaldesa melidense, Socorro Cea, destacou a importancia desta aportación -que foi posible grazas a unha enmenda presentada polo grupo do BNG no Congreso a petición do Concello de Melide-, que permitirá reamtar esta obra, “sen a que Melide non podía seguir máis tempo”.

Máis de 2,6 millóns

Dende que o PP iniciara a reforma da Casa da Cultura en 2003, levanse investido neste proxecto máis de 2,68 millóns de euros. Fronte ós 931.000 euros que se investiron ata o 2006, na actual lexislatura son máis de 1,2 millóns de euros os fondos empregados na obra, ós que hai que sumar o medio millón de euros dos PGE.



DISTRIBUCIONES - ULTRAMARINOS

Casa Juanito

100 años de prestigio y calidad

Especialidad en

Pimentón

Bacalao

Jamones e Ibéricos

Legumbres

Vinos

Licores



**Gran surtido en Cestas de Navidad, Baúles y Regalos Navideños,
conteniendo productos conocidos y de prestigio**

Mateo Segade Bugueiro, 39 - Melide

Tfno: 981505103

Acométese a segunda fase das obras da praia fluvial

Xa está instalado o pantalán sobre o río Furelos



O pantalán permitirá ós bañistas adentrarse no cauce do río

A restauración integral da praia fluvial melidense está a piques de converterse nunha realidade despois de que hai uns días comezaran as obras da segunda fase do proxecto, que contemplan o drenaxe da zona arborada, a colocación dun pantalán e a finalización do espazo adicado a solarium.

A empresa melidense Proquintas -asociada a Asetem-Cca- traballa actualmente nas labores de drenaxe da área de ocio, trala instalación do pantalán. Este elemento, ó que se pode acceder dende a zona de solarium mediante unha pequena pasarela, e que permitirá ós usuarios da área un maior disfrute do río.

As labores de drenaxe permitirán que o terreo evacúe con máis facilidade a auga que se

acumula na zona arborada, sobre todo durante o inverno, e impedirán que se produzan asolagamentos como viña acontecendo ó longos destes anos cada vez que o río sufría unha enchenta.

A estes traballos súmanse os xa realizados na primeira fase de limpeza dos fondos do cauce do río e a eliminación dos elementos de mobiliario construídos en formigón prefabricado. Sostituíronse as mesas, bancos e barandas antigas, que producían un choque visual coa paisaxe, por outros fabricados en madeira.

A madeira tamén é o elemento escollido para a zona do solarium, onde resta por instalar o entarimado máis próximo á zona do pantalán. A outra parte xa estivo aberta ó uso du-

rante a época estival.

Regato de Sandión

Dende o goberno melidense destacaron a recuperación do chamado regato de Sandión, que estaba sepultado baixo unha estrutura de formigón. Instaláronse sobre este curso fluvial dúas pasarelas de madeira que comunican as súas dúas beiras.

Rematadas en novembro

Dende a firma Proquintas confirmaron que os traballos quedarán rematados neste mes de novembro se todo avanza segundo o previsto. Non obstante, as obras estiveron paradas días atrás por mor das condicións meteorolóxicas, que impedían o desenvolvemento normal dos traballos.

Os cativos melidenses estrean parque infantil



Últimos traballos no novo parque infantil

A finais de outubro abriuse ó público un novo parque infantil na vila melidense, ubicado na rúa María Barbeito, nas proximidades do colexio Mestre Pastor Barral.

Este espazo infantil equipouse a partir do aproveitamento doutro parque que estaba instalado na rúa Camiño Real e que, segundo informaron dende o Concello, non cumpría a normativa vixente para este tipo de instalacións, xa que non se respectaban as distancias a

edificacións, tiña barreiras arquitectónicas e os xogos estaban deteriorados.

A través dun investimento superior ós 66.000 euros, o novo parque foi ampliado e dotado de novos xogos e novo mobiliario urbano.

Reforma da pista de tenis

Nas últimas datas tamén foi arranxada a pista de tenis que se atopa á carón da piscina climatizada, na que agora tamén se pode practicar fútbol-sala e baloncesto.

Remataron as actuacións en distintos locais sociais

Coa finalización das obras de rehabilitación dos locais sociais das parroquias de Folladela, Santalla e Xubial, culminaron as actuacións que desenvolveu o Concello de Melide nas edificacións veciñas de sete parroquias, entre as que tamén se atopan Furelos, O Leboreiro, Piñor, Campos e Gondollín.

As principais actuacións

consistiron na instalación de canalóns en tódolos inmobles para solucionar os problemas de humidades, así como no pintado do interior e exterior dos locais e adecentamento do seu contorno.

Dende o goberno local destacan que estas instalacións deben ser "núcleos vertebradores da actividade social e veciñal das parroquias".



Edificio TORQUES de MARZAN
(FOZ) COSTA LUCENSE



Residencial REMIOR PLAYA
(BARREIROS) COSTA LUCENSE



Edificio SOLAINA
(MALPICA) COSTA DA MORTE - CORUÑA



Proquintas
GRUPO

Información y Ventas: 981 50 53 00
info@proquintas.com • www.proquintas.com



Os Muíños Enmeigados, a combinación perfecta da cociña e as lendas galegas en plena natureza

Traballan caza e pesca por encargo ademais de pratos especiais coma cocidos

Dende o pasado mes de setembro os amantes da boa cociña e os ambientes acolledores teñen unha nova alternativa na comarca. Trátase dos Muíños Enmeigados, un restaurante ubicado xusto á beira do río Ulla, na Ponte Arcediago (Santiso). A casa ofrece pratos típicos da cociña galega a prezos económicos, ó alcance de tódolos bolsillos.

Xestionado por Lorena Córdido e Bea Sarandeses, Os Muíños Enmeigados preparan unha grande variedade de carnes, embutidos e pinchos tradicionais. Ademais traballan caza e pesca por encarga e tamén outro tipo de pratos especiais como cocidos.

Aspiran a ser un lugar de referencia na comarca. Puntos a favor



Abundan as pezas dos antigos muíños restauradas

non lle faltan. Se o menú que ofrece o restaurante merece unha mención destacable, máis o merece o entorno no que está situado. As augas do Ulla ruxen ó seu paso polos vellos muíños, que foron construídos estratéxicamente entre tres provincias, A Coruña, Pontevedra e Lugo.

Parte do atractivo do establecemento radica no seu ambiente acolledor, que xunta a restauración do conxunto arquitectónico coa decoración coidada de todo o complexo hostaleiro.

O visitante pode gozar dunha espléndida paisaxe que o levará a recordar o esplendor dos vellos muíños galegos.

A atención personalizada e a calidade da comida farán que a xornada saia redonda.

Para os máis animados, Os Muíños Enmeigados ofrecerán festas e actividades. A primeira delas será a Festa da Meiga, que terá lugar nas próximas semanas.

A lenda da meiga

Como o seu nome indica, este



A paisaxe exterior é de gran beleza

sitio alberga numerosos mistérios, sobre todo, relacionados coa presenza dunha meiga no lugar.

Conta a lenda que unha meiga pasou por estas terras e quedou prendada destes muíños, onde decidiu quedar a vivir. Dende aquela non deixou utilizalos máis ós veciños, que decidiron vingarse dela prendéndolle lume ós muíños.

Pero a meiga utilizou os seus poderes para salvarse do ataque e desfacerse de todos eles menos dun. O único supervivente, un

home, quixo chegar a un pacto coa meiga para que non se volviera meter na súa vida. A meiga tivo compaixón del e concedeu un desexo. O veciño chegou a vello e morreu sen dor grazas a que a meiga o curara de canta enfermidade padecera.

Tras morrer a meiga e, segundo conta a lenda, atopouse un escrito no que dicía: 'Morrer morrerei, pero deste muíño nunca marcharei. E todo aquel que me vexa vagando por este lugar, pode pedir un desexo e será cumprido'.

OS MUÍÑOS ENMEIGADOS

© carón do Ulla, sito entre dúas provincias, atoparedes un máximo muíño, cheo de mouchos, sapos, bruxas, demos, trasgos e diñños...

Cada fin de semana, todos participaremos na **Conxura** para quedar libres dos males da nosa ialma e de todo **Embruxamento**.

Pechado os mércores, vispera de festivo non

Tlfs: 981 191 171 - 699 171 295

Barazón (Ponte Arcediago)

Santiso - A Coruña

Acompañádenos e oíredes o ruxido das bruxas que non poden deixar de queimarse na nosa augardente.

Se é verdade que tes máis poder ca humana xente atíbete a visitar

OS MUÍÑOS ENMEIGADOS

A túa pecadora lingua disfrutará dunha boa cociña galega

Aberto a partir das 11:00 h

Sinte a forza do ar, vento, mar e terra

MELIDE

Ponte Arcediago

Rio Ulla

AGOLADA

OS MUÍÑOS ENMEIGADOS

A maioría de firmas do Noitebús non continuarán co servizo tras finalizar a subvención da Xunta

As empresas de transporte denuncian o recorte de fondos nos últimos seis meses

Os hostaleiros da vila estudan aportar fondos para manter as rutas

Respirase pesimismo entre as empresas encargadas do servizo de Noitebús que traballan as rutas con destino a Melide. A maioría das sete firmas que fletan autocares para traer a centos de mozos cada sábado á localidade aseguran que deixarán de prestar este servizo cando a Xunta de Galicia suprima as subvencións que lle concede, unha decisión prevista para o primeiro de xaneiro do ano que vén.

Aseguran que non teñen

outra alternativa, porque a suba do billete ós usuarios levaría ós mozos a deixar de usar este medio de transporte. Actualmente, as nove rutas que chegan a Melide rexistran altos índices de ocupación.

Hai empresas, como Autobuses Vázquez -cubre a liña que chega de Betanzos, Oza dos Ríos e Curtis-, que non perden a esperanza e din que a Xunta "debería recapacitar e manter este servizo". "Temos esperanza de que a Xunta rectifique", aseguran responsables da compañía. Non obstante, están de acordo en que non se subvencionen aquelas liñas coa menor ocupación.

Os propietarios das empresas de transporte califican o Noitebús coma "un servizo moi interesante socialmente", xa que evita os accidentes de tráfico entre os mozos. Algúns sitúano como "o único programa de transporte deseñado pola Xunta que tivo éxito". "Dende que está implantado baixou considerablemente o número de accidentes. Só por isto, xa merece a pena", indicaron dende Autobuses Vázquez.

Dende a Empresa Freire co-

mentan que hai que mirar este servizo "con gafas de lejos" xa que serve para salvar "muchas vidas", di Gaspar Freire. "La Xunta dice que es un gasto que no puede asumir, pero nadie habla de lo que cuesta un daño cerebral o una parálisis provocada por un accidente de tráfico", sentencia.

Esta firma, que cubre dúas rutas a Melide procedentes de Arzúa, está valorando distintas alternativas para poder manter o servizo.

Os transportistas apuntan a que debería ser o sector hostaleiro da vila o que tomara as rendas da situación. "Son os que levan o beneficio", argumentan.

Reunión da hostelería

Pola súa banda, os propietarios dos pubs melidenses serán convocados a unha reunión por parte de Asetem-Cca para determinar as posibilidades de colaboración para manter en servizo as liñas de Noitebús.

Os responsables consultados ven factible que coa implicación de todos se poidan manter as rutas. Asumen que a súa retirada sería moi prexudicial para os seus negocios.

Expertos ofrecen consellos para atopar traballo

A I Xornada de Orientación Laboral, organizada polo grupo Tics Melide, contou coa presenza de recoñecidos expertos no ámbito laboral, que ofreceron ós asistentes numerosos consellos e aportaron experiencias na busca de traballo, unha das preocupacións da mocidade actual.

A xornada, que foi inaugurada pola directora xeral de Formación da Consellería de Traballo, Ana María Díaz, dei-

xou interesantes aportacións, como a poñencia da seleccionadora de persoal Laura Vilariño sobre a entrevista de traballo e as fontes de busca de emprego. A xerente do viveiro de Empresas da Cámara de Comercio de Santiago expuxo as posibilidades desta iniciativa e os mozos emprendedores Javier Mouriño e Raquel Carregal falan da súa experiencia persoal no ámbito do autoemprego.

Seguemento persoalizado das enfermidades crónicas

O programa 'Bule con Alcer' da Asociación para a loita contra as enfermidades de ril, comezou recentemente as súas actividades en Melide. Esta iniciativa busca mellorar a calidade de vida daquelas persoas que padecen enfermidades crónicas.

Comprende actividades físicas -ximnasia ao aire libre e na auga, sendeirismo, pilates...- así como outras destinadas a mellorar o ánimo e as actitu-

des das persoas con este tipo de doenzas.

Cada participante recibirá atención personalizada despois de que se examinara o seu expediente médico para determinar as actividades máis convenientes.

O programa, no que xa se apuntaron unhas 20 persoas, desenvolverase ata o vindeiro mes de xuño de 2011 cunha periodicidade de tres sesións por semana.

A Garda Civil celebra o seu día grande



Máis de medio cento de persoas, entre autoridades e convidados, reuníronse o pasado 12 de outubro no Cuartel da Garda Civil de Melide para honrar á patrona do Instituto Armado. Ó tradicional acto tamén acudiu a presidenta de Asetem-Cca, Sonia Valiño.

a.contrapelo ferrugueiros

Tfnos. reservas: 981 50 60 03 - 617 17 87 58
Avda. de Lugo, 2-1º - 15800 MELIDE (A Coruña)
E-mail: a.contrapelo@galicia.com

SERVICIOS INMOBILIARIOS
COMPRA - VENTA - ALQUILERES - COMUNIDADES - ADMINISTRACIÓN

BETTI
ETI 0316

C/Romero Donallo, Nº1
Entreplanta
Tel. y Fax: 981 59 65 38
15706 SANTIAGO de COMPOSTELA
http://personales.ya.com/inmobettil
e-mail: BETTI1@terra.es

**POR LA ALTA DEMANDA DE NUESTROS CLIENTES,
NECESITAMOS QUE NOS CONFÍE
SU VIVIENDA EN ALQUILER**

A Deputación dá luz verde á estrada de Ribadulla, para a que asigna 1,8 millóns

Compromete a adxudicación antes de finais de ano



Manifestación celebrada en Melide para pedir axilidade na mellora da estrada a Ribadulla

Tras máis de dous anos co proxecto enriba da mesa, a Deputación da Coruña vén de aprobar a mellora da estrada CP-4603 que une o casco urbano de Melide coas parroquias de Visantón e Ribadulla, pertencentes ó concello de Santiso.

Foi o pasado 29 de outubro cando o organismo provincial dou luz verde a este agardado proxecto, polo que os veciños das parroquias afectadas -Ribadulla, Visantón, Pezobres e Beigondo en Santiso, e San Martiño, Campos e Santa María de Melide- levan agardando uns 20 anos.

O orzamento asignado para esta actuación ascende a 1.868.000 euros.

Dende a asociación veciñal O Noso Lar de Visantón -un dos colectivos que convocou a multitudinaria manifestación celebrada en Melide o pasado 3 de outubro-, o seu presidente, Manuel Adán, valoraba a aprobación do proxecto. Non obstante apuntaba a que a Deputación "non debería ter dúbidas para proceder á adxudicación o antes posible".

Precisamente, dende este organismo precisaron que as obras se adxudicaran antes de finais de ano, algo que Adán ve "complicado". "Falta pouco máis dun mes e aínda estamos en prazo de presentar alegacións ó proxecto". Ante este compromiso, os veciños permanecerán "vixiantes". "Esta-

remos pendentes e volveremos mobilizarnos se non cumpren co que prometeron publicamente", argumentando que "comezaron a facer algo cando saímos á rúa, porque lles doe a contestación popular".

Entrevista con Moreda

O presidente de O Noso Lar informou de que o colectivo solicitará unha entrevista co presidente da Deputación, Salvador Fernández Moreda, para, entre outras cuestións, trasladarlle o interese na inclusión dunha senda para ciclistas e peatóns no proxecto do vial. "Queremos que se faga sempre e cando non retrase moito o inicio das obras", indicou Manuel Adán.

Veciños de Sobrado coñecen a actividade de varias bodegas rioxanas



Veciños de Sobrado na visita ás bodegas Franco-Españolas

Un grupo de 35 veciños de Sobrado gozaron na ponte de Todos os Santos dunha viaxe á Ríoxa, que tivo como eixo central a visita a distintas bodegas da zona.

A viaxe, que estivo coordinada polo técnico municipal Víctor Cabanas, serviu para que os participantes coñeceran en primeira persoa o proceso de elaboración do viño. Recibiron diversas explicacións nas bodegas Palacio, as primeiras que visitaron, así como nas instalacións de Bodegas Campo Viejo e Bodegas Franco-Españolas.

Obtiveron información sobre tódalas etapas do proceso, dende a plantación das cepas, pasando pola vendimia, ata o almacenamento dos viños e o proceso final de comercialización.

Os participantes recibiron nocións de cómo catar viños, tanto tintos como brancos,

mediante leccións prácticas. "Aprendemos o que hai que facer para degustar mellor o viño, como ulilo, como colocar a copa para catalo axeitadamente", indicou Cabanas.

Segundo relatou, os participantes quedaron "impresionados" por diversas curiosidades que poideron ver en cada unha das bodegas. Nas Franco-Españolas puideron contemplar dúas cepas de 200 e 100 anos de antigüidade cada unha, ademais de ver o lugar de almacenamento dos 28 millóns de litros anuais que producen en Campo Viejo.

Segunda visita

Cabanas explicou que esta proposta tivo gran aceptación entre os veciños de Sobrado. De feito, é o segundo ano que se organiza, debido á boa resposta que se produciu á convocatoria pasada. "Á xente gústalle moito esta actividade".



ASOCIACIÓN EMIGRANTES E INMIGRANTES

Horario:
De lunes a viernes: de 9 a 13 h y de 15 a 19 h
Sábados y domingos: de 16 a 19 h

R/ San Pedro, 17, 1º. Melide (A Coruña)
Tlfs: 981505143 - 618056021

SERVICIO INTEGRAL DE LIMPIEZA Y REFORMAS A EMPRESAS Y PARTICULARES

COMUNIDADES, OFICINAS, LOCALES, COLEGIOS, EDIFICIOS, NAVES
SERVICIO POR HORAS



Servicio 24 horas
tlf: 693 826 868

Teléfonos
693 826 868 - Melide
661 765 606 - Santiago
limpiezayreformasnoelia@yahoo.es

O Atlético Sobrado comeza a tempada pensando no ascenso



Plantilla do Atlético Sobrado Xuventude da actual tempada

A mente e as forzas do equipo sénior do Atlético Sobrado Xuventude están postas no ascenso de categoría. Á vista están os resultados. Ata o de agora, no que vai de campeonato -están no grupo IV da Terceira Autonómica- levan cinco vitorias, catro empates e só unha derrota.

Acadar o ascenso é a aspiración inmediata do adestrador Fernando Torreiro, que leva tres anos no cargo e comparte a dirección do equipo de xuvenís con Pirri.

Torreiro trata de ensinar ós xogadores a súa táctica adquirida como xogador nos equipos de Santiso, Melide e Sobrado. Para Francis Sixto, adestrador do Cire de Melide, ten un agradecemento especial porque "sempre me dou ánimos e consellos na miña nova tarefa de entrenador".



Fernando Torreiro, adestrador

13 anos de historia

O Atlético Sobrado Xuventude fundouse no 1997, como unha prolongación da Sociedade Deportiva Cambre, que se formara a comezos dos 80. Os xogadores seguen levando as mesmas cores na súa equipación en homenaxe a aqueles fundadores.

Comezaron como equipo de fútbol sala, e despois de conseguir federados nesta disci-



Víctor Cabanas, tesoureiro do clube

plina e no fútbol entre 2002 e 2004, mantiveron unicamente o equipo de fútbol.

Víctor Cabanas, tesoureiro do clube dende a súa fundación, ao igual que toda a directiva, asegura que un dos seus obxectivos é "promover e cooidar a canteira, porque representan o futuro inmediato". O clube conta tamén cun equipo xuvenil e de fútbol sala feminino federado.

Elevada participación nas escolas deportivas de Toques

As escolas deportivas toques comezaron o presente curso cunha elevada participación, xa que son preto de 35 os rapaces e 40 os adultos inscritos. As actividades que se programan son fútbol sala, patinaxe, karate e xadrez para os nenos de entre 6 e 15 anos e ximnasia de mantemento e talleres e ximnasia para a terceira idade para os adultos.

Dende o Concello de Toques destacan que o obxectivo destas actividades non só é facer exercicio, senón dinamizar a actividade dos participantes.

"Acádanse obxectivos no marco social, xa que cos nenos lévanse a cabo actividades conxuntas nun ambiente diferente ao escolar. Os maiores teñen a oportunidade de facer algo diferente na rutina diaria cun grupo de veciños cos que normalmente non terían contacto", apunta o técnico municipal Mauro Nogueira.

O prazo de inscrición mantense aberto nalgúns disciplinas, podendo formalizar a solicitude de ingreso nas oficinas xerais do Concello en horario de 8:30 a 14:30 horas.



TINTORERÍA - LAVANDERÍA

- Limpieza en seco.
- Piel - Ante ...
- Alfombras - Cortinas.
- Mantas - Edredones.
- Atención especial hostelería.

Tel: 981 507 000 • C/ Emilia Pardo Bazán, 11 • 15000 MELIDE (A Coruña)



Estamos en: C/ Emilia Pardo Bazán - MELIDE



"CASA TATO"

VIÑOS e TAPAS



M.^a José Varela Freire

Tel: 981 78 75 35

15813 SOBRADO DOS MONXES

(A Coruña)

ASETEM-CCA organiza

CHARLA INFORMATIVA
**NOVIDADES NA NORMATIVA DE
TRANSPORTE E TRÁFICO**

**VENRES 3 DE DECEMBRO, ÁS 20.30 H
ABERTA A TODO O PÚBLICO**

**Na sede de Asetem-Cca
R/ Lino Sexto Sánchez, 2, Melide**

Toques repetirá na Turexpo, que se celebrará en marzo

“Unha gran oportunidade para proxectar Toques como destino turístico”

O Concello aposta polo turismo como alternativa económica

O Concello de Toques anunciou a súa participación no II Salón Turístico de Galicia (Turexpo Galicia 2011), que se celebrará os días 25, 26 e 27 do vindeiro mes de marzo no recinto feiral de Silleda (Pontevedra).

Dende o equipo de goberno toquense valoraron “moi positivamente” a participación nesta feira, que calificaron como “un espazo de promoción turística de relevancia nacional e internacional”. Na primeira edición deste evento, celebrada en novembro de 2009, participaron turoperadores de 21 países e asistiron uns 6.000 visitantes. Deste xeito, no consistorio toquense consideran que o salón é “unha gran oportunidade para proxectar Toques como lugar de destino turístico”.

A cita turística tamén é un bo escaparate para que as empresas e negocios locais rela-



Stand do Concello de Toques na Turexpo 2009

cionados co sector amosen os seus produtos e servizos. Na pasada edición, no stand do Concello de Toques celebrouse unha degustación de produtos típicos da zona que causou gran sensación entre os asistentes.

No Concello de Toques agardan que a Turexpo 2011 “contribúa a incrementar paulatinamente a presenza de Toques no mundo do turismo”, así como de dar a coñecer as súas “atractivas posibilidades” no sector.

“Busca de alternativas”

O Concello de Toques persegue explotar o gran potencial paisaxístico, arquitectónico e arqueolóxico que ten o municipio na “busca de alternativas como unha vía máis para conseguir un maior desenvolvemento económico e social”, resaltan dende o consistorio.

Non obstante, a promoción

turística do concello comezou hai pouco máis dun ano, coa asistencia á Turexpo Galicia do 2009, na que foi “la primera acción promocional turística desde el propio Concello”, segundo explicara daquela o alcalde de Toques, Jorge Calvo.

Ó mesmo tempo, iniciábase a promoción a través de Internet, mediante a posta en marcha da páxina web www.toquesturismo.es. No portal, o visitante pode atopar información sobre os distintos dolmes que salpican o territorio toquense, as construcións relixiosas prerrománicas, os recursos fluviais ou o Camiño Primitivo.

Ademais, dende o Concello deseñaron dípticos informativos de sete rutas de sendeirismo que percorren o municipio e que permiten ó visitante descubrir a súa beleza paisaxística.

A escola de música de Visantoña reanudou as clases a comezos de mes

Con máis dun mes de retraso, a Escola de Música de Visantoña comezou as clases do presente curso. A directiva da Asociación Banda-Escola de Música de Visantoña decidiu abrir as portas do centro tras recibir o pago de 12.000 euros correspondentes ó actual exercicio, no marco do convenio que teñen suscrito co Concello de Santiso.

Uns 26 rapaces asisten dende comezos de novembro ás distintas disciplinas que imparten os seis profesores cos que conta actualmente o centro. Debido ó tardío inicio da actividade docente, a escola terá aberto o prazo de matrí-

cula ata finais do mes de novembro, para permitir a incorporación de todos aqueles cativos que desexen profundizar nos seus coñecementos musicais, segundo confirmou a vicepresidenta da asociación, Begoña López.

Dende o colectivo recordan que a escola é a “semente” das distintas formacións musicais que xurden na comarca. Neste senso, Begoña López destaca o elevado índice de aprobados no acceso ós conservatorios e recalca que o centro non ten unha vocación localista, xa que está aberto á incorporación de alumnos de calquera punto do contorno.

Un grupo de toquenses gaña o Xubileo



Un grupo de maiores de Toques participaron o pasado 27 de outubro na misa do peregrino coa intención de gañar o Xubileo. A súa estadia en

Compostela completouse co tradicional paseo polos arredores. A xornada continuou cun xantar en Arzúa e a visita ó Museo do Mel.

Os concellos da zona reciben fondos para investir no rural

Os catro concellos da comarca Terra de Melide -Melide, Santiso, Sobrado e Toques- recibiron máis de 639.000 euros para investir no rural. Os fondos foron aportados a partes iguais entre a Consellería de Medio Rural e o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño.

O Concello de Melide recibiu unha asignación que supera os 199.000 euros, a maior dos catro municipios da zona. A Santiso correspóndelle algo

máis de 155.500 euros, ó Concello de Sobrado uns 143.300 e ó de Toques máis de 141.000 euros.

Os fondos destinaranse a acometer actuacións de mellora nos accesos ás explotacións gandeiras dos diferentes concellos.

A financiación fíxose efectiva trala firma do convenio de colaboración por parte do conselleiro de Medio Rural, Samuel Juárez e os alcaldes dos catro concellos da comarca.



Miles de castañas para os magostos da zona

Vilas e aldeas da comarca celebran os tradicionais magostos

A chegada dos primeiros fríos do inverno e os días de Defuntos e Todos os Santos, significan tempo de magostos. Un verdadeiro acontecemento social que reúne a amigos e familiares para degustar un dos froitos máis característicos do outono galego, a castaña.

Ben sexa porque na nosa comunidade as castañas foron un dos principais alimentos décadas atrás ou pola abundancia de soutos no noso territorio, os magostos son unha cita festiva especial.

Este ano, os máis madrugadores tiveron lugar en Toques e Visantoña, aproveitando a ponte festiva do primeiro de novembro.

No Concello de Toques, as actividades programadas desenvóléronse no pavillón deportivo, a causa das malas condicións meteorolóxicas. A cita foi secundada por uns 50 veciños, entre cativos e adultos, que ademais das castañas puideron degustar doces variados e unha chocolatada preparados polos alumnos do obradoiro de repostería da Rede Xiana.

En Visantoña (Santiso), o magosto celebrouse o pasado 1 de novembro, no marco do festival de folk Devesa Son, cuxa orixe foi precisamente o de diversificar as actividades



Un veciño de Visantoña vixía que as castañas estean no punto



Os toqueses degustaron doces preparados para a ocasión

que celebraban no antigo magosto. Xuntáronse numerosos veciños, que deron boa conta das tradicionais castañas asadas despois dun xantar con produtos típicos galegos.

O Samaín

Nos últimos anos extendeuse

cada vez máis a recuperación do Samaín, unha festa de orixe celta que celebra o comezo do inverno. No magosto de Toques foron varios os rapaces que se disfrazaron de pantasmas ou bruxas para participar nas actividades do grupo Duende Sico.



Moitos rapaces acudiron disfrazados ao magosto de Toques



Moitos veciños acoden ós soutos nestas datas

Arreglos de Costura Costur-Mel



Tfno.: 675 26 26 63
Otero Pedrayo, nº 4 - 15800 MELIDE (A Coruña)

manuel@transierra.es • autotransierra@yahoo.es • sierra@movistar.net

AUTO TRANSIERRA

TRANSPORTE DE VEHICULOS NACIONAL E INTERNACIONAL

www.transierra.es

Parque Empresarial A Mediana
Pwte. 72, 15.300. MELIDE. A CORUÑA.

Tel y Fax: 981 507 910
Movil: 610 523 450
610 523 451

SIERRA

AUTO-TRANSPORT

Servicio semanal desde GALICIA-ASTURIAS-PAÍS VASCO-MADRID-VALENCIA-BARCELONA A: FRANCIA-BÉLGICA-HOLANDA-LUXEMBURGO-ALEMANIA-SUIZA-ITALIA-AUSTRIA-PORTUGAL

CONSULTAR OTROS DESTINOS



Ovidio Leiva Pereiro

Tfnos.: 981 51 77 36 - móvil: 608 58 74 47
Belmil, s/n - SANTISO (A Coruña)

Visantoña celebrou a terceira edición do festival Devesa Son

Houbo xantar popular, mostra de artesanía e concertos de grupos folk

O festival Devesa Son, organizado pola asociación de veciños O Noso Lar de Visantoña, congregou o pasado 31 de outubro a numerosos seguidores da música folk.

A terceira edición da festa comezou cun xantar popular, seguido dunha sesión de xogos tradicionais, que sufriu algunhas variacións debido ás inclemencias meteorolóxicas da xornada, segundo relataron dende a organización.

Xa entrada a tarde, tiveron lugar as actuacións dos grupos tradicionais, o prato forte do festival. Subiron ao escenario o grupo Tremuíños de Melide, Con Canto Donaire de A Coruña e Folk da Chousa de Visantoña.

Ademais, dende o mediodía, os asistentes puideron contemplar unha mostra de artesanía con distintos postos adicados á cantería, madeira, coiro e textil. Os artesáns ofreceron demostracións en vivo aos presentes e incluso ofreceron leccións da súa técnica a algún que outro veciño que se



Pepe Valoi coa súa mostra de madeira e pedra



As actuacións foron o prato forte do serán

animou a coller as ferramentas.

Dende a organización destacaron a boa participación dos veciños nesta cita festiva, malia que as condicións meteorolóxicas non animaban a unirse á cita, que se celebrou no campo da festa de Visan-

toña. O presidente da asociación O Noso Lar, Manuel Adán, amosouse disposto a seguir organizando esta proposta -que naceu do intento de adaptar o magosto que se celebraba na parroquia a todo tipo de públicos- e a darlle cada vez máis pulo.

Ciencia fóra das aulas

O IES de Melide reivindica o uso do galego nas materias científicas



Maiores e pequenos tiveron acceso ás curiosidades da ciencia

O primeiro día da Ciencia en Galego, celebrado simultaneamente en diversos institutos da comunidade o pasado 4 de novembro, permitiu ós alumnos do IES melidense deixar por uns momentos as aulas, o que non significou deixar de aprender.

A xornada, coa que se pretendía reivindicar “que o galego é unha lingua axeitada para a transmisión do coñecemento científico e tecnolóxico”, comezou cunha videoconferencia. Catro inves-

tigadores galegos falaban cos alumnos sobre Física de partículas dende os seus respectivos centros de traballo, ubicados en Inglaterra, Alemaña, EE.UU. e Galicia.

Ó mediodía, alumnos e profesores achegáronse ata a Praza do Convento para expoñer obradoiros sobre as transformacións químicas que se dan na vida cotiá e as transformacións da enerxía potencial noutros tipos de enerxía. Deste xeito, reivindicaron a normalización do galego.

‘Naco’, mellor cazador do ano en Lugo

O melidense Eduardo Blanco, máis coñecido como ‘Naco’, obtivo o premio do deportista do ano na categoría de Caza dos galardóns concedidos polo Grupo El Progreso de Lugo.

O cazador, que se presenta habitualmente ós campeonatos como candidato pola provincia de Lugo, recolleu o premio de mans do subdelegado do Goberno en Lugo, José Vázquez Portomeñe, o pasado 12 de outubro na cidade das murallas, nunha gala enmarcada nas festas do San Froilán.

‘Naco’ resultou gañador tras recibir por parte dos lectores do diario lucense un total de 1.177 votos, seguido de Ber-



Vázquez Portomeñe entrega o premio a ‘Naco’

nardo Traseira, con 1.093, e Pedro Ramos con 841.

Parte deste premio é para Marqués, un pointer macho co que forma equipo dende hai uns catro anos.

‘Naco’, moi afeccionado á caza de perdices, proclamouse campión de Galicia de San Huberto en 2009, triunfo que lle valeu unha praza para o campionato de España.



Tablas Racións Almorzos
Os fins de semana achégate a tomar unha copa e disfrutar da boa música!

Avda de Toques,35 - Melide

ESPECIAL XACOBEO 2010

O Concello de Melide respalda unha alegación particular para unha nova ruta do Camiño no casco urbano

O traxecto alternativo transcorrería pola Praza do Convento

O Concello de Melide apoia a alegación presentada á delimitación do Camiño Francés por un grupo dunha vintena de particulares da vila -algúns deles comerciantes- na que se reclama o establecemento dun trazado alternativo da ruta ao seu paso polo casco urbano melidense.

A nova ruta separaríase da considerada histórica antes de enfiar as rúas de San Pedro e Principal, para coller a rúa do Convento e chegar á praza que leva o mesmo nome. Despois transcorrería polo Camiño de Ovedo para unirse novamente ó trazado actual.

Dende a alcaldía respaldan a idoneidade deste trazado alternativo, ó achegar ós camiñantes a construcións históricas, como son a igrexa parroquial ou o antigo hospital de peregrinos. Nesta zona tamén se atopa a Oficina de Turismo, ubicada no Museo Terra de Melide.

Nas alegacións presentadas polo consistorio, na que tamén figura esta petición, indícase que “queremos que o Camiño de Santiago, ao seu paso polo



Praza do Convento de Melide

casco antigo de Melide, pase tamén pola Praza do Convento”. Aseguran que este trazado xa figuraba nas Normas Subsidiarias de Melide do 1994.

Obras menores

Nas alegacións presentadas pola Mancomunidad de Concellos do Camiño Francés os distintos concellos esixen á Xunta que se estipule unha normativa transitoria específica para as obras menores que se executen no ámbito de protección do Camiño.

Pretenden que sexan os propios concellos os que outorgaran as licencias para este tipo de obras en lugar da Dirección Xeral de Patrimonio, como acontece na actualidade. Aseguran que “proporcionaría axilidade nos trámites e redundaría nun beneficio para

os solicitantes”.

Por outra banda, a mancomunidade considera que a denominada zona de respecto -30 metros a cada lado do Camiño- se estende nos planos presentados pola Xunta moito máis alá desta medida, “chegando nalgúns tramos a máis de dous quilómetros”.

Neste senso, o Concello de Melide apunta nas súas alegacións que se inclúen na franxa de protección “amplas zonas dende as que non se pode observar o Camiño nin son observables dende o mesmo”. E argumenta que o expediente de delimitación “non contén nin unha soa razón técnica que aconselle manter o ámbito de protección co alcance proposto”. Asegura que traería “gravísimas” consecuencias para os titulares dos terreos e o desenvolvemento urbanístico.

O fiasco do ‘efecto Papa’

Os hostaleiros de Melide falan dun inicio de mes “moi frouxo”



Ó albergue seguen chegando peregrinos día a día

Xa se sabía que a visita do Papa, o 6 de novembro, non deixaría na hostelería de Melide as mesmas cifras que se acadaron hai varias semanas na festividade da Constitución. Mais algúns confiaban na chegada de máis camiñantes dos habituais, que seguisen mantendo viva a dinámica do Xacobeo.

Pero nada máis lonxe da realidade. Conforme se iba achegando a xornada da visita do Sumo Pontífice non se detectaba un aumento do número

de peregrinos ao seu paso pola vila. Incluso había camiñantes que planificaran a súa ruta para non coincidir co publicitado evento.

Confírmalo os hostaleiros. “O mes comezou moi frouxo”, indicaron dende o Hotel Xa-neiro.

Non obstante, no albergue municipal confirman que os días pasados pernoctaron unha media de 60 peregrinos por xornada. Notan un descenso respecto ao mes anterior pero a tendencia mantense.

ANÚNCIATE NO CERNE

O xornal da Terra de Melide

663687322

981506188

info@asetem.com

adiantarte nos agasallos de NADAL e REIXES
trae de sorpresa.....un

VALLÉE 5 EUROS

*canxeable en MUXÍCA Tenda.Xoven
*en compras superiores a 50 euros
*salvo produtos en promoción
*válido ata o 30 de Novembro

Bieito, a min defraudáchesme

Santiago Prado Conde (Chago)
Antropólogo

Explicaba meses atrás neste mesmo xornal que no tempo de festa ráchanse cos límites impostos ao longo do ano, que a escaseza reconvértese en abundancia arreo, que incluso se derraman produtos dos que outros carecen na súa supervivencia diaria, e que tratamos de aparentar, antes os nosos convidados, que non falta de nada.

A anunciada visita en peregrinación da súa “Santidade” converteuse en convite e era preciso, do mesmo xeito que cando convidas a alguén á casa o día da festa, que as mellores galas se luciran para a ocasión. Pouco importa se o peto está baleiro e é preciso pedir prestado para mercar marisco e non pasar co porquiño. A visita do Papa da igrexa católica, apostólica e romana, que non é o mesmo que o representante de todo o cristianismo, non podía quedar nun segundo plano, nin pasar desapercibida no campo, polo menos, do simbólico.

O despliegue de medios de comunicación pensouse como un bo momento para amosar as nosas marabillas a eses millóns de persoas que recibiron as imaxes, a pesares de que se circunscribían a unha ínfima

parte das delicias do país. Todo estaba tan disposto, tan fermoso, tan colocado que, na miña opinión, se atopaba excesivamente forzado. A ausencia de naturalidade e o hermetismo amosado semellaba unha artificialidade que chegou, como ocorre cando se forzan as cousas, ao límite do ridículo e do cómico. Co xantar entramos noutra dimensión. Ráchanse as cadeas das mellores vestimentas e comeza un a desinhibirse. Así lle ocorreu a Bieito, como na sobremesa das festas, comezou a compartir co resto aquilo que non lle gusta. Sen embargo, o que deplora o Vaticano non supuxo novidade algunha e confirmou unha vez máis a teima que se ten a todo aquilo que se desvíe do que eles consideran a “normalidade”. O discurso só era para que escoitaran as palabras que precisaban aqueles católicos coherentes coa doutrina da súa igrexa.

Para rematar estas breves palabras permítanme compartir con vostedes unha reflexión, quizá inocente e froito dunha falta de madurez que xa me debe comezar a preocupar. Eu pensaba que a visita de semellante personalidade e má-

ximo representante dos que alzan a bandeira da solidariedade e apoio aos máis desfavorecidos, sería unha boa ocasión para achegar e amosar ao mundo que nas sociedades opulentas occidentais hai persoas que non o están a pasar ben, que incluso acoden diariamente a comedores comunitarios porque teñen dificultades para se alimentar e subsistir. Pensaba tamén, inxenuo de min, que na festa que supuxo a visita habería un pequeno instante para facer partícipe deste acto a aqueles que peor o pasan e a crítica dirixíase aos responsables de moitas das nosas miserias.

Pois non, non foi así, os máis desfavorecidos non tiveron lugar no Obradoiro, nin físico nin simbólico. A visita do Papa converteuse nun show mediático no que non houbo nin uns minutos para achegarse ás mesquindades da nosa sociedade, para transmitir a nova da loita en común por outro mundo posible.

O protocolo, sempre tan presente neste actos, só tivo lugar a mostrar a verdadeira realidade do mundo: a fartura e a opulencia son para uns poucos. Polo tanto, eu síntome defraudado.

A Visantoña chega a enerxía nuclear, pero non unha estrada decente

Xosé Núñez López

Para tranquilidade dos veciños da comarca, en canto á nuclearización, temos que dicir que de momento “os nucleares” só veñen cear opíparamente, aínda que nos fixeron pasar por intres de certa inquietude ós comezos da “operación”.

Sobre as nove da noite do día 6 de outubro pasado, cando un grupo de amigos estabamos parolando tranquilamente, quedamos abraiados vendo como non paraban de pasar autobuses cara Vilar de Ferreiros. Se fora un ou dous xa pensabamos que podería tratarse dunha voda no pazo, pero cando xa ían once seguidos dixemos “isto non é normal, isto é algo raro”. Ata que alguén nos dixo que se trataba dunha especie de congreso que se celebraba no Pazo de Vilar de Ferreiros.

Ó día seguinte puidemos saber que unhas 450 persoas de toda España, máis algunhas de fóra do noso país, pertencentes á Sociedade de Enerxía Nuclear, reuníronse no pazo para celebrar unha cea, desas que acostuman a chamarlle “comida de traballo”, aínda que alí só se comeu e bebeu ata a unha da mañá.

Do que estamos seguros é de que non se falou nada sobre o estado calamitoso no que se atopa a estrada Melide-Ribadulla, que tamén lle afecta de certa maneira ó pazo de Vilar de Ferreiros e, consecuentemente, a Visantoña, por ser unha das sinais de identidade máis importante da nosa parroquia.

Digo que hai certa relación entre o pazo e o mal estado da estrada Melide-Ribadulla, proque no mes de xullo deste ano presenciei eu como un autocar, algo máis longo que a maioría, non puido entrar no pazo para deixar ás persoas que levaba para unha voda debido á estreiteza da estrada. Viuse obrigado a seguir máis adiante, dar a volta e entrar vindo da parte de baixo.

Sentín vergoña ante a xente que viña de fóra por ter unha estrada con tanto tráfico de toda clase de vehículos e con semellantes deficiencias, incriminables en pleno século XXI.

Carretes de bobina fixa

Xavier Pazo Blanco,
presidente da Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’

Existen varios tipos de carretes de bobina fixa, pero todos eles teñen o mesmo principio básico. Para a recuperación, o sedal rebobínase arredor do tambor mediante unha agulla recuperadora. A bobina non xira, pero sí que se move para adiante e para atrás e deste xeito facilita o desenvolvemento uniforme do sedal.

Para mellorar o lanzado, a bobina debe conter case todo o sedal; o fio ten que chegar xusto ata o borde da bobina, e ten que enrolarse firmemente.

Cando pica unha troita mostra a súa oposición mediante unha gran resistencia, a bobina xira baixo o control dun dispositivo de frenado ou deslizamento, o cal podemos activar de forma que o tambor

xire e ceda sedal antes de chegar ao punto de rotura do fio. E para que a manivela non retroceda mentres a bobina está xirando existe un mecanismo antirreversible, que en moitos modelos é silencioso.

A relación de recuperación variará moito segundo o tipo de carrete de bobina fixa que teñamos. Unha relación de recuperación de 4:1, capaz de recuperar arredor de 51 cm de sedal por cada volta de manivela é adecuada para a maioría das prácticas. Non obstante, no caso da pesca de lanzado de cebo artificial (culleriña, bolla con mosca, rapalas...), ou natural (miñocas...), moitos pescadores prefiren unha relación 3:1 (uns 38 cm por volta).

Un tipo de carrete que non

dispón de agulla recuperadora é o carrete con bobina cuberta ou capotada (automático). O sedal pasa a través dun burato situado na parte dianteira, e enrólase no tambor mediante un perno xiratorio de aceiro. Durante o lanzado, este perno libera o sedal presionando co dedo a parte dianteira do carrete ou, noutros modelos deste tipo, apretando un botón na parte traseira.

Segundo a marca, o control da fricción incorpórase na manivela ou na parte traseira. A maior parte dos carretes só permiten que o tambor xire e solte sedal cando o dispositivo antirreversible está activado; nuns casos bastará con rebobinar cara atrás para que o sedal circule.

Os carretes de bobina cuberta resultan moi eficaces e prácticos cando se pesca con sedal moi fino, pero non se recomenda o seu uso con sedales de máis de 1,8 ou 2,2 kg de resistencia.

Tanto os carretes de bobina fixa como os de bobina cuberta teñen unha capacidade de tambor de arredor de 90 m de sedal con 900 g e 1,8 kg de resistencia, e son ideais para a pesca de lanzado lixeiro con flotador e para a pesca con cebo en movemento de especies como as troitas e peixes pequenos (escalos).

Para calquer tipo de pesca, debemos empregar carretes de bobina fixa de tamaño medio. Un carrete e dúas bobinas intercambiáveis son suficientes

para cubrir tódalas nosas necesidades: unha bobina con capacidade de entre 90 e 135 m de sedal de 2,2 a 2,7 kg de resistencia, e outra máis grande que poida desenvolver entre 135 e 180 m de sedal de 3,6 a 5,4 kg de resistencia.

Esta última bobina debe ser moi resistente, xa que o sedal esta sometido a unha gran presión cando pescamos especies como o salmón ou troitas grandes nos embalses. Tanto os corpos lixeiros de grafito, como as bobinas con perno e os dispositivos de fricción traseiros, son moi útiles nestes carretes, pero o máis importante é que sexan resistentes, permitan o deslizamento e teñan unha bobina con gran capacidade para o lanzado.

AVISOS E ACTOS - NOVEMBRO

- ata o venres 12: exposición de pinturas de Marta Bran. Multiusos de Melide.
-actuación do grupo Bongo Botrako. Na Sala 600 de Melide ás 00.30 horas
- do martes 16 ao sábado 27: campaña de comercio ‘As compras na túa vila teñen premio’. Sorteo final, o 27 pola tarde, na Praza do Convento.
- xoves 25: Día internacional da eliminación da violencia contra a muller
- sábado 27 de novembro: II Festa Hortera. Sala 600 de Melide.
- mércores 1 de decembro: inicio da campaña de Nadal no comercio de Melide.
- venres 3 de decembro: charla informativa sobre nova lexislación de Tráfico e CAP para o transporte. Sede de Asetem-Cca (Lino Sexto Sánchez, 2 baixo) ás 20.30 horas.
- venres 10 de decembro: concerto fin de xira do grupo Ith. A partir das 00.30 horas na Sala 600.

LIÑAS DE AUTOBÚS

MELIDE - A CORUÑA De luns a venres: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45, Sábados: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45 Domingos e Festivos: 9.30, 17.00, 20.15, 20.45, 22.30	(período lectivo), 15.25, 17.50, 20.20 Sábados: 7.50, 10.15, 11.55, 15.25, 17.50 Domingos e festivos: 7.50, 11.55, 15.25, 17.50, 20.20
A CORUÑA - MELIDE De luns a Venres: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00 Sábado: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00 Domingos e Festivos: 8.00, 11.30, 15.30, 17.00, 19.00	MELIDE - LUGO De luns a venres: 7.55, 10.10, 11.55, 13.35, 16.05, 16.55, 19.25, 20.50, 21.50 (só venres lectivos) Sábados: 7.55, 11.55, 13.35, 16.55, 19.25 Domingos e festivos: 7.55, 11.55, 16.55, 19.25, 20.50
MELIDE - FERROL Sábados: 19.15 Domingos e Festivos: 19.15	TOQUES - MELIDE (Folladela-Fondevila) Luns a venres laborables: Saída de Fondevila: 10.20 Saída de Melide: 12.30 Domingos excepto último de mes: Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00 Saída de Melide: 13.00 Último domingo de mes: Saída de Fondevila: 7.45 Saída de Melide: 13.00 e 14.00
FERROL - MELIDE Sábados:10.30 Domingos e festivos: 17.00	MELIDE - TOQUES (Fondevila-Folladela) Martes e venres laborables: Saída de Folladela: 8.30 Saída de Melide:12.30 Domingos, excepto último de mes: Folladela: 8.40 Saída de Melide 13.00 Último domingo de mes: Saída de Folladela: 8.30 Saída de Melide: 13.00 e 14.00
MELIDE - OURENSE De luns a venres: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00 Sábados: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00 Domingos e festivos: 9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20.00	
OURENSE - MELIDE De luns a venres: 8.00, 12.00, 15.30, 19.15 Sábados: 8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19,15 Domingos e Festivos: 9.30, 15.30, 18.00, 19.15, 21.00	
MELIDE - SANTIAGO De luns a venres: 6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40	

TELÉFONOS DE INTERESE

URXENCIAS		SERVIZOS E INSTITUCIÓNS	
UrxenciasSanitarias	061	Atención ao cidadán	981120012
Bombeiros	080	Valedor do pobo	981571900
Incendios Forestais	085	Economía facenda	981545151
Policía Municipal		Industria e Comercio	981544341
Urxencias	092	Sevizo Galego Colocación	981125000
Melide	981505003	Teléfono da Muller	900400273
Policía Nacional	091	Teléfono do Menor	900444222
Garda Civil		Dirección Xeral de Tráfico	900125505
Urxencias	062	Correos	902197197
Melide	981505007	Auga	981242322
S.O.S		Electricidade	981147200
S.O.S Galicia	112	Gas.	900760760
Protec.Civil.	670498848		
TRANSPORTES		MELIDE	
RENFE		Casa do Concello	981505003
Nacional	902240202	Centro de Saúde	981506176
Santiago	981596050	Servizos Sociais	981505012
Autobuses		Consevatorio	981507100
A Coruña	981239099	Polideportivo	981507752
Santiago	981542416	Centro Social da 3ª Idade	981505706
Aeroportos		Parada de Taxis	981505390
A Coruña.	981187200	Oficina de emprego	981505204
Santiago	981547500	Albergue Xuvenil	981507412
Vigo	986268200	Albergue do Peregrino	660396822
		Centro Ocupacional	981505003
		SOBRADO	
		Casa do Concello	981787508
		Desenvolvemento local	981787508
		Centro de Saúde	981787744
		Mosteiro de Sobrado	981787509
		Xulgado de Paz	981787508
		TOQUES	
		Casa do Concello	981505826
		Centro de Saúde	981507301
		Xulgado de Paz	981505826

MARIO PRIETO E JAIME VÁZQUEZ, CERVISA SISTEMAS METÁLICOS

“Traballamos coa máxima calidade e servizos personalizados ao cliente”

Á traxectoria de Cervisa Sistemas Metálicos pode aplicárselle o calificativo de meteórica. Mario Prieto e Jaime Vázquez montaron a empresa hai agora case tres anos. Comezaron eles dous e agora xa contan con cinco empregados. Nos seus traballos prima a calidade ante todo, unha estratexia

á que atribúen a súa ampla carteira de clientes. Entregados ó seu negocio día e noite, cren que a súa filosofía de traballo lle traerá moitos beneficios a longo prazo. Para o ano que vén teñen previsto construír a súa propia nave no polígono melidense e estudian facer unhas segundas instalacións.

-Hai uns tres anos apostaron por crear o seu propio negocio

-Foi a raíz do peche dunha empresa do sector cando decidimos aproveitar o oco que deixaba nesta zona. Alquilamos a nave na que estamos agora e mercamos maquinaria. O próximo mes de xaneiro fará tres anos que abrimos.

-Ter experiencia no sector foi un punto a favor nos primeiros momentos

-Eu levaba traballando no gremio uns sete anos, e o meu socio Jaime Vázquez arredor de 13 anos. Isto permitiunos contar con clientes que antes acudían ás empresas nas que traballáramos.

-Fabrican todo tipo de obxectos en metal

-Facemos carpintería metálica de exterior, como portais, peches para fincas, portas rústicas... en aluminio soldado, aceiro inoxidable e ferro. Tamén temos feito estruturas para pequenas naves e algunha pequena ponte para pasar un río.

-Son especialistas en aceiro inoxidable

-Si, é a nosa especialidade. O 80% dos nosos traballos son en aluminio e inoxidable, o resto en ferro.

-Tamén fan reparacións

-Facemos todo tipo de reparacións en camiós, maquinaria agrícola e de obra.

-Dende que abriron, a empresa non deixou de medrar

-Comezamos nós os dous e agora temos cinco empregados. A partir dos primeiros seis meses vimos acumulando moito traballo. Agora case



Mario Prieto (esquerda) e Jaime Vázquez nas oficinas de Cervisa

temos cinco ou seis meses de retraso. Os traballos que collemos son a longo prazo, a non ser que sexan pequenas cousas que poidamos compaxinar coas que nos ocupan máis tempo.

-Tamén traballan para obra pública

-Cando comezamos tivemos a sorte de coller bastante obra pública, pero agora deixámola algo apartada porque levan moito tempo e xeran bastantes complicacións porque o traballo depende de varias persoas, polo que nos causaba retrasos nos demais pedidos.

-O seu radio de traballo exténdese por toda a comunidade

-Ó marxe da nosa zona, onde facemos máis pedidos para

particulares, traballamos en obras en Lugo, O Barco de Valdeorras, A Coruña e a súa área, Santiago, Ponteceso, Valga... practicamente percorremos Galicia enteira.

-Tamén fixeron algún traballo fóra de Galicia

-Fixemos algún que outro traballo en Asturias e uns portais para uns clientes de Ponferrada, en León. E xa tivemos máis encargos desa zona.

-O boca a boca funciona moito neste tipo de negocios

-Chégannos moitos clientes grazas ó boca a boca. Por iso temos moi claro que temos que ofrecer a máxima calidade nos materiais e un servizo personalizado. Estamos deixando de coller moitos traballos por-

que nos é imposible entregar o pedido no tempo que require o cliente.

-Despois de tres anos, xa terán unha clientela fiel

-Temos moi bos clientes e moi solidarios, que nos apoiaron en todo momento, algo polo que lle estamos moi agradecidos.

-En que se diferencian da competencia?

-Apostamos pola calidade, por iso lacamos tódolos traballos. É un sistema máis caro que a simple pintura, pero é de mellor calidade e maior duración. Preferimos asumir nós a diferenza de prezo a cambio de que os acabados sexan moi bos. A nosa mellor publicidade está nas obras, non na oficina nin en Internet. Por iso quere-

“Imos construír unha nave nova neste polígono e estudiamos facer unhas segundas instalacións”

“A nosa mellor publicidade está nas obras, onde queremos que os acabados sexan perfectos”

mos que os acabados sexan perfectos.

-Estalles afectando a crise?

-Non, todo o contrario. Dende que abrimos o negocio non deixamos de recibir pedidos. Agora mesmo temos traballo acumulado, e a época do verán tamén é moi forte.

-Cales son os seus plans de futuro?

-O noso futuro pasa pola expansión. Imos facer as nosas propias instalacións nunha parcela do polígono de Melide, onde construiremos unha nave nun período breve de tempo. Ademais, estamos estudando a construción dunhas segundas instalacións, tamén neste polígono da Madanela.

O CONCELLO DE MELIDE CO DEPORTE



Queremos potenciar a práctica do deporte a calquera idade con novas instalacións: pistas de pádel, de tenis e dúas multixogo; novo chan, asentos e ximnasio no pavillón; novos baños no campo de fútbol, etcétera.



**CONCELLO
DE MELIDE**

